

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 29 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, pola que se lle dá publicidade á incorporación do referencial UNE 71502:2004 Especificacións para os Sistemas de Xestión da Seguridade da Información (SGSI) ao convenio aberto de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio e as empresas avaliadoras da conformidade para o fomento da certificación en Galicia.

Con data do 12 de marzo de 2004 subscribiuse entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio e as empresas avaliadoras da conformidade un convenio aberto de colaboración para o fomento da certificación dos sistemas de xestión en Galicia, que foi publicado no DOG nº 65, do 2 de abril de 2004.

Na cláusula quinta do convenio recóllese a posibilidade de actualizar a lista aberta de referenciais segundo anexo VI en función da innovación nos modelos de xestión e logo da solicitude por parte das certificadoras. Conforme o establecido na dita cláusula a certificadora *Asociación Española de Normalización e Certificación* (AENOR), con CIF G78216819 presentou solicitude de incorporación do referencial UNE 71502:2004 Especificacións para os Sistemas de Xestión da Seguridade da Información (SGSI).

Vista a documentación remitida pola certificadora, o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio resolveu actualizar a lista aberta segundo anexo VI do convenio aberto de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio e as empresas avaliadoras da conformidade para o fomento dos sistemas de xestión en Galicia, do 12 de marzo de 2004 co seguinte referencial:

-Especificación: UNE 71502:2004. Especificacións para os Sistemas de Xestión da Seguridade da Información (SGSI).

-Descrición: certificación de sistemas de xestión da seguridade da información.

Cumprida a tramitación regulamentaria procede a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da devandita adhesión co fin de dar publicidade a este feito.

O que se fai público para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2005.

José Manuel González González
Director xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 2 de xuño do 2005 pola que se regulan as axudas en réxime de concorrencia competitiva para a realización de programas de prevención do alcoholismo.

De conformidade co Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, correspóndenlle a esta as competencias en materia de sanidade, de acordo co Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo, foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, reformada pola Lei 8/1991, do 23 de xullo, e parcialmente derogada pola Lei 7/2003, do 9 de decembro, salvo no relativo á súa creación, e está adscrito á Consellería de Sanidade. A estrutura orgánica do Sergas actualmente regúlase no Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, e os seus fins e funcións regúlanse no capítulo I do título IV da devandita Lei 7/2003, do 9 de decembro.

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, ten por obxecto establecer as directrices xerais de actuación na saúde mental e a asistencia psiquiátrica, a regulación dos dispositivos dirixidos á promoción e protección da saúde mental, a prevención das enfermidades psíquicas e a asistencia, rehabilitación e integración dos enfermos mentais.

O Servizo Galego de Saúde, consciente da importancia que para solucionar o problema do alcoholismo teñen as asociacións dedicadas principalmente ao desenvolvemento de programas de prevención do alcoholismo mediante un traballo desenvolvido, fundamentalmente, a través do voluntariado, quere colaborar mediante unha liña de subvencións correntes con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Hai que ter en conta a Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en tanto contén preceptos con carácter de lexislación básica enumerados na súa disposición derradeira primeira, que son de obrigado cumprimento no eido autonómico.

Finalmente, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais, orzamentarias e da función pública e actuación administrativa, establécense os requisitos xerais aplicables ás subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Polo exposto, conforme o establecido no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e de acordo coas facultades que me atribúen os artigos 34.6º e 38 da

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O Servizo Galego de Saúde poderá conceder subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento e/ou mantemento dos seguintes programas de prevención do alcoholismo:

a) Programas de apoio á abstinencia e promoción de estilos de vida e hábitos saudables (centrados en persoas que están en abstinencia e non sometidas a tratamento ambulatorio, aínda que precisen actividades de apoio).

b) Programas de prevención de recaídas (dirixidos a pacientes que se atopan a tratamento ambulatorio e que están en proceso de rehabilitación).

c) Campañas de sensibilización da poboación (centradas en difundirle á poboación, de forma selectiva ou xenérica segundo os casos, información e educación para a saúde sobre a problemática relacionada co abuso do alcohol).

Artigo 2º.-Requisitos dos beneficiarios.

1. Para ser beneficiario das axudas publicadas nesta orde será indispensable ser unha asociación ou calquera outra entidade privada de iniciativa social sen ánimo de lucro que estea dedicada principalmente ao alcoholismo, e así se recolla expresamente como un dos seus fins estatutarios.

Así mesmo, deberá desenvolver a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario as entidades en que conorra algunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Estes requisitos deberanse cumprir na data de finalización de presentación das solicitudes.

Artigo 3º.-Estrutura e características dos programas.

O desenvolvemento de cada un dos programas sinalados no artigo 1º deberá axustarse ao seguinte guión:

1. Denominación do programa.
2. Definición de cada programa xustificando a súa elección.
3. Obxectivos que se pretenden acadar e indicadores de seguimento e avaliación.
4. Poboación á que vai dirixido e criterios de inclusión.
5. Criterios de selección para a inclusión no programa.
6. Custo económico polo miúdo de cada programa.
7. Datas previstas para a realización de cada programa.
8. Resultados da avaliación dos programas de iguais características desenvolvidos no ano anterior, facendo referencia aos indicadores utilizados.

9. Recursos humanos e materiais con que conta a entidade para levar a cabo o programa.

10. Fundamentos bibliográficos.

11. Cualificación profesional dos técnicos que interviñeron na elaboración do programa.

Estes programas deberán estar avalados e supervisados por un profesional con experiencia en programas preventivos e titulación universitaria superior.

Artigo 4º.-Normas xerais sobre as axudas.

1. As subvencións que se concedan na execución desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación 5001.2223.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, na que existe un crédito inicial para este fin por importe de cento cinco mil euros (105.000 €).

A citada cantidade poderase incrementar, a través das oportunas modificacións orzamentarias, en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. As axudas que se concedan ao abeiro desta orde poderán financiar total ou parcialmente o gasto das actividades e serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Non obstante, o importe das subvencións outorgadas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo das actividades que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. A solicitude de subvención realizarase segundo o modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde, subscripta pola persoa que teña a representación legal da entidade solicitante. Para a súa valoración achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante.
- b) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- c) Copia compulsada ou lexitimada dos estatutos da entidade.
- d) Memoria da entidade correspondente ao ano 2004 segundo modelo que se publica como anexo II.
- e) Estrutura e características dos programas de prevención que se realizarán no 2005 dos sinalados no artigo 1º seguindo o modelo que se publica como anexo III.
- f) Declaración asinada polo representante da asociación ou entidade do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ante calquera Administración ou ente público utilizando o modelo que se publica como anexo IV.

2. As entidades que solicitaron subvención en anos anteriores quedarán exentas de presentar a documentación sinalada nas letras b) e c), sempre que non se producisen modificacións nos seus estatutos, circunstancia esta que será acreditada mediante certificación.

3. As solicitudes de subvención presentaranse nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia de conformidade co Decreto 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Tramitación.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instrutor, a División Xeral de Asistencia Sanitaria, examinará a documentación presentada, reclamándolles por escrito aos interesados os datos, documentos e aclaracións que se consideren necesarios para completar o expediente, con indicación de que, se así non o fixesen nun prazo de dez días, se considerará que desistiron da súa petición, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os expedientes, unha vez revisados e completados, se é o caso, remitiranse ao órgano colexiado previsto no artigo 22.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a comisión de valoración, que terá as seguintes funcións:

-Ditaminar sobre o cumprimento dos requisitos indispensables sinalados no punto 1 do artigo 2º desta orde.

-Propoñerlle ao órgano competente para resolver a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

-Realizar o seguimento e avaliación dos programas subvencionados.

2. A comisión de valoración terá a seguinte composición:

a) Presidenta: a subdirectora xeral de Calidade e Programas Asistenciais ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

-O xefe do Servizo de Calidade e Programas.

-O responsable do Programa de Saúde Mental.

-O xefe da Sección de Programas.

b) Secretario: o xefe da Sección de Drogodependencias.

Artigo 7º.-Criterios de prioridade na valoración das solicitudes.

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios, ponderados como segue:

1. Número e calidade dos programas de prevención para desenvolver dos especificados no artigo 1º e poboación beneficiada. Ponderación: 25%.

2. A relación custo/eficacia dos programas presentados. Ponderación: 25%.

3. O nivel de cumprimento dos programas en anteriores convocatorias. Ponderación: 25%.

4. A complementariedade coas actuacións públicas a través da cobertura de necesidades sociais relacionadas cos ditos programas. Ponderación: 6%.

5. O grao de consolidación e experiencia da entidade no campo da prevención do alcoholismo. A este respecto ponderarase cun 3% por cada ano en que a entidade obtivera unha axuda para a realización de programas de prevención do alcoholismo en anteriores convocatorias, ata un máximo do 9%.

Artigo 8º.-Reformulación das solicitudes.

1. Dado que as subvencións reguladas nesta orde teñen por obxecto o financiamento de actividades para desenvolver polo solicitante, no caso de que o importe da subvención que conste na proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar o beneficiario á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións da subvención outorgable.

2. Unha vez que a solicitude mereza a conformidade da comisión de valoración, remitiráselle xunto con todo o actuado ao órgano competente para que dite a resolución.

3. En calquera caso, a reformulación de solicitudes debería respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes.

Artigo 9º.-Resolución.

1. Unha vez emitida a proposta de resolución, correspóndelle ao presidente do Sergas resolver o procedemento. Non obstante, delégase a competencia para resolver a concesión das axudas solicitadas ao abeiro desta orde no director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

2. As resolucións serán motivadas e seranlles notificadas aos interesados no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. De non mediar resolución expresa no citado prazo, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución deberá serlle notificada ós beneficiarios de forma individualizada, de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, tal e como dispón o artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e sen prexuízo da necesidade de publicidade no DOG das subvencións concedidas, consonte o artigo 18 desta lei.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Recursos.

As resolucións que se diten ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá recorrerse potestativamente en reposición, ante o presidente do Sergas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da noti-

ficación, se o acto é expreso, ou de tres meses se non o é, a contar desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro; ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á data de notificación, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que coiden oportuno.

Artigo 11º.-Xustificación e pagamento.

1. Para aquelas subvencións que non superen o importe de 6.010 €, poderá acordarse no momento da concesión un anticipo de pagamento de ata o 50%.

2. Nos demais casos, o pagamento das axudas poderase facer nun primeiro prazo, de ata o 50% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo e a conta da liquidación definitiva, que se poderá acordar no momento da súa concesión. Para facer efectivo este anticipo deberá presentarse como medio documental provisional de xustificación unha declaración do representante legal da entidade indicativa dos gastos realizados durante o exercicio e os pendentes por realizar.

3. Tanto nos supostos do punto 1 coma nos do punto 2, o 50% restante librarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións para as que foi concedida a subvención, achegando a seguinte documentación:

a) Balance ou xustificación dos ingresos e gastos da entidade referido ao último exercicio económico.

b) Orixinais dos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención. Acompañarase unha relación nominativa e ordenada deles, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expeditor, concepto e importe.

c) Certificación expedida polo secretario ou representante da asociación, que acredite que os gastos que se xustifican se aplicaron nos fins para os que a subvención foi concedida.

4. No momento da xustificación final do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, públicas ou privadas.

5. A xustificación do gasto realizado deberá constar na División de Asistencia Sanitaria do Sergas (edificio administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela) con anterioridade ao día 15 de novembro de 2005.

6. Así mesmo, a entidade deberá presentar con anterioridade ao día 31 de xaneiro do exercicio seguinte, ante a División de Asistencia Sanitaria do Sergas, un balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural, así como unha memoria dos programas de prevención realizados.

Artigo 12º.-Outras obrigas.

As entidades receptoras da subvención quedarán obrigadas, sen prexuízo do disposto nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 78.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia:

a) A non alterar o destino da subvención.

b) A admitir as inspeccións e o control que estableza o Sergas, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano xestor, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A coordinarse co responsable de área de saúde mental ou da unidade de saúde mental correspondente para o mellor desenvolvemento dos programas de prevención subvencionados.

d) A efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada, facultándose a División de Asistencia Sanitaria do Sergas para determinar o correcto cumprimento desta exigencia.

e) A reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Artigo 13º.-Revogación e reintegro.

No caso de producirse algunha das causas establecidas no artigo 78.9º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procederase á revogación da subvención así como ao reintegro, de ser o caso, da subvención percibida e do xuro de demora correspondente.

Artigo 14º.-Réxime sancionador.

1. Para o disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. En canto ao procedemento sancionador axustarase ao establecido no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional

Nos aspectos non contidos nesta orde aplicarase o disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Sergas para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II
MEMORIA
(CONTINUACIÓN)

V. PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE ALCOHOLISMO DESARROLLADOS EN 2004
(Numerar e relacionar)

Nº	Denominación

ANEXO II
MEMORIA
(CONTINUACIÓN)

III. CADRO DE PERSOAL

NOME DA ENTIDADE	PERSOAL SANITARIO		TIPO DE VINCULACIÓN ⁽¹⁾
	DENOMINACIÓN DO POSTO	NÚMERO	

DENOMINACIÓN DO POSTO	PERSOAL NON SANITARIO		TIPO DE VINCULACIÓN ⁽¹⁾
	NÚMERO	NÚMERO	

(1) CONTRATADO, REMUNERADO NON CONTRATADO, VOLUNTARIO NON REMUNERADO.

IV. FINANCIAMENTO

FONDOS PROPIOS	CONCEPTO		IMPORTE TOTAL
ACHEGAS DOS SOCIOS	COTA		
ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA	CONSELLERÍA/ORGANISMO		
ADMINISTRACIÓN LOCAL	DEPUTACIÓN	CONCELLO	
ADMINISTRACIÓN ESTATAL	DENOMINACIÓN		
OUTROS	ESPECIFICAR		
TOTAL			

ANEXO III
PROGRAMAS¹

NOME DA ENTIDADE

1. Denominación do programa:

Clase na que se encadra o programa (das sinaladas no artigo 1º)

a b c

2. Definición do programa e xustificación da súa elección:

3. Obxectivos que se pretenden acadar e indicadores de seguimento e avaliación:

4. Poboación á que vai dirixido e criterios de inclusión:

5. Criterios de selección para a inclusión no programa:

¹ Utilízase este anexo para cada un dos programas presentados.

6. Custo económico polo miúdo do programa:

7. Datas de realización do programa:

8. Resultados da avaliación dos programas de iguais características desenvolvidos no ano anterior, facendo referencia aos indicadores utilizados:

9. Recursos humanos e materiais con que conta a entidade para levar a cabo o programa:

10. Fundamentos bibliográficos:

11. Cualificación profesional dos técnicos que interviñeron na elaboración do programa:

Sinatura do profesional responsable do programa
(nome, apelidos e rúbrica)

ANEXO IV

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA A MESMA FINALIDADE

D./D^a _____, con DNI nº _____

En calidade de _____ da entidade CIF _____, declara que presentou solicitudes de axudas para a realización de programas de prevención do alcoholismo dos sinalados no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 2005, nas datas e polos importes que a continuación se relacionan:

No caso de non ter realizada ningunha solicitude de axuda para a mesma finalidade, marcarase o recadro e asinarase esta declaración.

A entidade non ten solicitada, nin en consecuencia, concedida ningunha axuda para a realización de programas de prevención do alcoholismo dos sinalados no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 2005.

DENOMINACIÓN DA CONSELLERÍA, ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		IMPORTE (€)	
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	SOLICITADO	CONCEDIDO ⁽²⁾

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna.
 (2) Nas solicitudes denegadas farase constar "0 €" nesta columna.

_____, de _____ de 2005

Sinatura do presidente/secretario/representante legal

Orde do 2 de xuño de 2005 pola que se amplía o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2005, dentro dos programas destinados a prestarlles atención aos enfermos con trastornos mentais persistentes nos dispositivos de apoio comunitario dependentes das asociacións de familiares de enfermos psíquicos e outras entidades sen ánimo de lucro.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social, agás as normas que configuran o seu réxime económico.

De conformidade co Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, esta consellería é a responsable da dirección e coordinación da política sanitaria e sociosanitaria, coa protección sanitaria dos sectores sociais máis desfavorecidos ou máis vulnerables, a que se refire o capítulo IV do título IV da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia.

Segundo o Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura do Servizo Galego de Saúde, correspóndelle a este, a través da Subdirec-

ción Xeral de Atención Sociosanitaria, da División Xeral de Asistencia Sanitaria, o desenvolvemento e coordinación da atención sociosanitaria de Galicia, así como a súa operatividade, no marco da planificación sanitaria e sociosanitaria elaborada pola Consellería de Sanidade.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 215/2004, do 23 de setembro, polo que se modifica o Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, correspóndenlle á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado as competencias das persoas con discapacidade a través da dirección xeral correspondente.

En virtude disto, aprobouse e publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 3, do 5 de xaneiro de 2005, a Orde do 29 de decembro de 2004, conxunta da Consellería de Sanidade e a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, pola que se regula o establecemento de subvencións para a realización de programas destinados a prestarlles atención aos enfermos con trastornos mentais persistentes nos dispositivos de apoio comunitario dependentes das asociacións de familiares de enfermos psíquicos e outras entidades sen ánimo de lucro. O artigo 4.2º establece que para a concesión das axudas regulamentadas nesta orde se destinarán 2.152.236 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.01.311A.480.0, 14.06.212D.484.1 e 5001.2223.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005.